

Actividades de Lingua Galega e Literatura para 4º de Primaria

Semana do 4 ó 8 de maio de 2020

Titora: Eva Cid Rodríguez



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. MARQUESA DO PAZO DA MERCÉ

EIRA DA LIÑAZA, s/n - 36440 AS NEVES

TFNO.: 886 110 114 FAX: 886 110 121

ceip.pazo.damerce@edu.xunta.es

Estimadas familias:

A continuación teñen as actividades de Lingua Galega e Literatura propostas para esta semana. Unha vez rematadas teñen que **enviarme por correo electrónico a ficha sobre as palabras no dicionario e a ficha de comprensión lectora.**

A corrección das outras actividades estará subida a páxina web do centro a vindeira semana.

A distribución semanal das actividades é a seguinte:

Martes, 5 de maio de 2020	O abecedario
Mércores, 6 de maio de 2020	O dicionario
Xoves, 7 de maio de 2020	As palabras no dicionario (enviar por correo)
Venres, 8 de maio de 2020	Comprensión lectora (enviar por correo)

Para calquera dúbida que teñan non dubiden en contactar comigo na seguinte dirección:
laaventuradecuarto@gmail.com

Atentamente,
























Eva Cid (Titora de 4º de Primaria)

O ABECEDARIO

O **abecedario** ou **alfabeto** está formado por todas as letras dunha lingua.
O dicionario é o libro en que se explican os significados das palabras.
Nos dicionarios as palabras seguen a orde das letras no abecedario.

1. Le o abecedario. Despois, seguindo a orde, escribe unha palabra para cada letra.

A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R S T U V X Z

	<input type="text"/>		<input type="text" value="burro"/>		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text" value="osoura"/>		<input type="text"/>
	<input type="text" value="lupa"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text" value="porco"/>		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text" value="unicórnio"/>		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text" value="zapato"/>		

2. Completa cada casa coa letra anterior e posterior.

r	s	t		l			ñ	
erre	ese	te						
	f			u			l	

• Agora escribe as letras das casas sombreadas por orde alfabética.

O DICCIONARIO

LEMBRA

O **dicionario** recolle as palabras dunha lingua e os seus **significados**. No dicionario, as palabras están ordenadas alfabeticamente.



1 Ordena alfabeticamente as seguintes palabras.

camelo

balea

gato

gusto

cadeira

coador

néboa

can

día

zapato

2 Escribe a carón de cada palabra a forma con que tes que buscala no dicionario.



xices



sucios




enferma



acendido



soría



pitiños

3 Busca no dicionario a palabra destacada e copia o significado de cada expresión. Despois, escribe unha oración con cada expresión.

• A ceo aberto ► _____

• Torcer o focio ► _____

AS PALABRAS NO DICCIONARIO

No dicionario os substantivos e os adxectivos aparecen en **singular**. Se teñen formas diferentes para o **masculino** e o **feminino**, a forma que sae é a masculina e, a continuación, a terminación feminina. Por exemplo: *branco*, *-a*. Os verbos só figuran en **infinitivo**. Por exemplo: *nadar*, *saber*, *dormir*.

1. Arrodea a forma correcta en que ten que aparecer cada palabra no dicionario.

Despois, cóplaa.

camiñaba camiñar camiñemos →

escritor, -a escritora, -or escritores →

pito pitiño pitos →

2. Escribe a forma correcta en que teñen que aparecer estas palabras no dicionario.

• escribirá →

• praias →

• condutora →

• corría →

3. Busca no dicionario as palabras destacadas e escribe como figuran escritas.

Varios **turistas** preguntaron pola **directora** do hotel.

■ Copia a definición da primeira palabra destacada.

■ Agora, inventa un texto empregando esta mesma palabra en feminino singular.



COMPRESIÓN LECTORA: O ALFABETO BRAILLE

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

O ALFABETO BRAILLE


Os cegos len mediante o tacto: van pasando os dedos de esquerda á dereita sobre o escrito e interpretando os signos. Para iso, é imprescindible que o texto estea escrito cun alfabeto especial, inventado para eles por Louis Braille.

Louis Braille naceu en París en 1809. O rapaz acompañaba a miúdo o seu pai ao taller de coiro onde traballaba e, un día, cando tiña 3 anos, cravou por accidente un punzón no ollo. Como consecuencia, tivo unha infección que se lle trasladou tamén ao ollo san, e quedou totalmente cego.

Aos 13 anos conseguiu unha bolsa de estudos para ingresar no Instituto Nacional de Mozos Cegos, de París. Alí destacou enseguida como un alumno exemplar, esperto e cunha gran sensibilidade para a música. Un día, o director da escola pediulle que probase un sistema de escritura que fora inventado para comunicarse en silencio na guerra.

Braille modificou e perfeccionou o sistema. Combinando de diferentes maneiras seis puntos en relevo, o alfabeto permite representar letras, números, signos de puntuación, notas musicais, símbolos matemáticos, etcétera.

Así, grazas ao enxeño e á perseveranza daquel mozo, as persoas cegas poden hoxe ler, escribir, aprender, compondor textos, etc.



1 De que trata o texto? Elixo e marca cun X:

Fala de como teñen que facer as persoas cegas para ler.

Fala do alfabeto Braille e do seu inventor.

2 Como len os cegos?

Pasando os dedos sobre os signos de dereita a esquerda.

Pasando os dedos sobre os signos de esquerda a dereita.

Os cegos non poden ler.

3 Por que se chama así ese alfabeto?

.....

4 Onde e en que século naceu Louis Braille?

.....

5 O rapaz xa era cego cando naceu?

.....

.....

6 O sistema Braille está baseado noutro sistema de escritura. Para que servía?

.....

.....

7 Como funciona o alfabeto Braille?

.....

.....